

4. Emprego e formación

4.1 Emprego protexido

- Traballo en Centros Ocupacionais como tránsito ao traballo nos Centros Especiais de Emprego ou ao emprego normalizado.
- Traballo en Centros Especiais de Emprego.
- Empresas de Inserción Laboral.

4.2 Emprego ordinario

. Acceso ao emprego público:

- Adaptación de tempos e medios para realización de probas selectivas para emprego público.
- Reserva mínima dun 7% nas ofertas de emprego público. Polo menos o 2% das prazas ofertadas, serán cubertas por persoas que acrediten discapacidade intelectual.

- Diversas medidas de fomento do emprego (contratación laboral):

- Reserva dun 2% de prazas en empresas de 50 ou mais traballadores
- Bonificación do 100% das Cotas da Seguridade Social cando o empregador sexa un Centro Especial de Emprego. Esta bonificación é no caso de que o empregador sexa un CEE, para o resto de empresas réxense polo estipulado no Programa Fomento Emprego (Lei 43/2006).
- Subvencións pola contratación laboral pola celebración de contratos indefinidos, temporais e a conversión dos mesmos ata un máximo de 6.000? para as contratacións indefinidas, de 3.000? para a contratación temporal.
- Adaptación posto de traballo. 902? para a adaptación de postos de traballo.

4.3 Traballadores autónomos con discapacidade

- Pago único do desemprego para financiar investimentos de capital ou patrimonio.
- Bonificación do 50% da cota correspondente á base de cotización mínima establecida polo Réxime especial da Seguridade Social de traballadores autónomos.
- Requírese estar dado de alta no IAE e ter aprobado un proxecto de autoemprego.
- Subvención por establecemento como autónomo.
- Incentivos á consolidación de proxectos.
- Subvención financeira para reducir os intereses de préstamos para financiar investimentos.
- Asistencia técnica para a posta en marcha do proxecto de autoemprego.
- Subvención para formación do traballador autónomo.

4.4 Traballo en sociedades cooperativas e sociedades laborais

Poderán obter estas axudas:

- ? As persoas que se incorporen como socios traballadores ou socios de traballo a unha cooperativa ou sociedade laboral, sempre que non fosen traballadores na mesma entidade nos dous anos anteriores á súa incorporación como socios,
- ? Que posúan un grao de discapacidade igual ou superior ao 33%.
- ? Que na data de iniciación da súa prestación laboral na empresa, atópanse desempregados e inscritos na oficina de emprego con carácter previo á incorporación.
- ? Tamén deben atoparse na situación de alta no réxime correspondente da Seguridade Social con carácter previo á solicitude da subvención.

4.5 Renda activa de inserción

Prestación económica do Estado dirixida a desempregados en situación de necesidade económica e que teñen graves dificultades para acceder de novo ao mercado de traballo.

Está destinada a parados de longa duración maiores de 45 anos, emigrantes retornados maiores de 45, vítimas de violencia de xénero ou doméstica e persoas con discapacidade igual ou superior ao 33% que cumpran cos seguintes requisitos xerais:

- Estar desempregado e inscrito como demandante de emprego e subscribir o compromiso de actividade.
- Ser menor de 65 anos.
- Non ter ingresos propios superiores a 491,40? mensuais.
- Que a suma dos ingresos mensuais obtidos por todos os membros da súa unidade familiar, (o solicitante, o seu cónxuxe e os seus fillos menores de 26 anos ou maiores con discapacidade ou menores acollidos), dividida polo número de membros que a compoñen non supere 491,40? mensuais por membro.
- Non cobrar o propio Programa de Renda Activa de Inserción (RAI) nos 365 días naturais anteriores á data de solicitude do dereito á admisión do programa. Salvo no caso de vítimas de violencia xénero ou doméstica e persoas con discapacidade, que si poden pedir a RAI tres anos seguidos, o maior grupo de solicitantes (parados de longa duración maiores de 45 anos e emigrantes retornados) non poden pedir a RAI dous anos seguidos.
- Non ser beneficiario de tres Programas de Renda Activa de Inserción anteriores. A RAI pódese cobrar como máximo tres anualidades.

No caso de persoas con discapacidade igual ou superior ao 33%, ademais dos requisitos xerais anteriores, deberán cumprir cos seguintes requisitos específicos:

- Esgotar anteriormente unha prestación contributiva ou subsidio por desemprego, é dicir, cobrar o paro antes de pedir a RAI.
- Ter recoñecido un grao de discapacidade igual ou superior ao 33%, ou ser pensionista por incapacidade.
- Estar inscrito ininterrompidamente na oficina de emprego como demandante de emprego durante 12 ou máis meses.
- No mes anterior á solicitude da RAI, debe realizar as accións de procura activa de emprego.

4.6. Redución de xornada laboral para coidado de persoas con discapacidade. Conciliación da vida familiar

Redución da xornada laboral para coidado de persoas con discapacidade dentro do ámbito familiar con diminución proporcional de salario polo menos entre 1/8 e un máximo da metade da duración da xornada.